

# PLC- PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO



***CEIP ALFONSO D. RODRÍGUEZ CASTELAO  
DE VIGO***

|   |           |
|---|-----------|
| <b>1. INTRODUCCIÓN</b>  | <b>3</b>  |
| <b>2. MARCO LEGAL VIXENTE</b>   | <b>3</b>  |
| <b>3. LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO</b>   | <b>5</b>  |
| <b>3.1. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO NOSO CENTRO</b>   | <b>5</b>  |
| <b>3.2. SITUACIÓN DO PROFESORADO</b>  | <b>6</b>  |
| <b>3.3. SITUACIÓN DO ALUMNADO</b>   | <b>7</b>  |
| <b>3.4. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO</b>   | <b>7</b>  |
| <b>4. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR</b>   | <b>8</b>  |
| <b>4.1. EN EDUCACIÓN INFANTIL</b>   | <b>8</b>  |
| 4.1.1. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO  | 9         |
| <b>4.2. EN EDUCACIÓN PRIMARIA</b>   | <b>11</b> |
| 4.2.1. DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS.   | 11        |
| <b>5. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO</b>   | <b>13</b> |
| <b>6. MEDIDAS ADOPTADAS PARA ALUMNADO INMIGRANTE</b>  | <b>14</b> |
| <b>7. COMPETENCIAS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA</b>  | <b>16</b> |
| <b>8. OBXECTIVOS XERAIS</b>   | <b>16</b> |
| <b>8.1.- ALUMNADO</b>   | <b>17</b> |
| <b>8.2.- PROFESORADO</b>  | <b>18</b> |
| <b>8.3.- CENTRO.</b>  | <b>18</b> |
| <b>9. LIÑAS DE ACTUACIÓN</b>  | <b>19</b> |
| <b>10. ACTIVIDADES PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA</b>  | <b>19</b> |
| <b>10.1. Actividades para fomentar a Competencia Lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia e co paso do tempo intentar acadar o 33% que marca o decreto 79/2010 do 20 de maio.</b> | <b>20</b> |
| <b>10.2. Convivencias con outros centros educativos do noso entorno e visitas a institucións.</b>   | <b>22</b> |
| <b>10.3. Actividades en soporte informático para mellorar a competencia lingüística da comunidade educativa.</b>  | <b>22</b> |
| <b>10.4. Dinamización da lectura, sexa con libros, publicacións periódicas, contos, poesía, teatro ou narrativa.</b>  | <b>23</b> |
| <b>11. COMISIÓN DE PROFESORADO PARTICIPANTE NA REDACCIÓN DESTE PROXECTO</b>   | <b>23</b> |

## 1. INTRODUCCIÓN

---

O Proxecto Lingüístico no noso centro educativo CEIP ALFONSO D. RODRÍGUEZ CASTELAO de Vigo, xorde no camiño cara a planificación lingüística que como centro educativo tentaremos percorrer para conseguir os obxectivos que marca a lexislación vixente.

Neste curso 2012-2013 elaboramos un documento denominado no Decreto 79/2010 do 20 de maio, **PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO**, que terá unha vixencia de 4 anos, a partires do vindeiro curso escolar, e que enviamos a continuación da súa aprobación á Inspección Educativa.

En primeiro lugar, sinalar que este Proxecto Lingüístico forma parte do Proxecto Educativo do noso centro.

Este Proxecto Lingüístico do Centro, unha vez elaborado polo Equipo de Normalización, informará ao Claustro do Profesorado para que posteriormente sexa aprobado e avaliado polo Consello Escolar do noso Centro Educativo.

Para facer efectivo o dereito á educación, o profesorado adoptará as medidas oportunas coa finalidade de que o alumnado que non teña o suficiente dominio da lingua poida seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua se lle impartan.

Para a elaboración do Proxecto Lingüístico de Centro partimos da legalidade vixente.

## 2. MARCO LEGAL VIXENTE

---

Tomamos como referencia para a elaboración do PLC o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia publicado o Martes, 25 de maio de 2010 no nº 97 do Diario Oficial de Galicia para a súa aplicación en todos os centros docentes .

Este decreto baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981.

Ademais, desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Recollemos do Decreto os seguintes aspectos, como punto de partida para a elaboración do noso Proxecto Lingüístico:

- A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncian a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001, e o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004.

Neste sentido, é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

Ademais, a realidade social europea en que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo.

Esta nova realidade esixe un marco educativo que atenda esta necesidade social, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras, seguindo para iso o marco delimitado pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que establece como un dos seus fins a capacitación para a comunicación nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

### 3. LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO

Todos os elementos básicos que inflúen no proceso educativo constitúen o contorno. Os criterios que seguimos para determinar a lingua predominante no contorno son:

#### 1. Observación directa:

- Reunións coas nais e pais do noso alumnado.
- Utilización informal da lingua oral entre o alumnado na aula e no patio.
- Emprego da lingua escrita dirixida de pais a profesores.

#### 2. Observación indirecta:

- As conversas en titoría das nais e pais cos titores.
- Enquisas ás familias do Centro Educativo.
- Consulta ás familias que se incorporan por primeira vez ao centro na Educación Infantil, para constatar cal é a lingua materna na maioría do alumnado.

Con todo isto, analizamos catro índices que consideramos relevantes para ter un coñecemento da realidade sociolingüística na que estamos inmersos:

#### 3.1. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO NOSO CENTRO

O CEIP ALFONSO D. RODRÍGUEZ CASTELAO está situado na parroquia de Navia. É unha das parroquias que configuran o termo municipal de Vigo. Situada á beira do mar, na zona Oeste da cidade e fronte á ría do mesmo nome.

Ten unha extensión aproximada de 200 Has e, como todas as parroquias da periferia viguesa, presenta estruturas semirurais combinadas e influenciadas pola gran urbe da que forma parte. No ano 2011 contaba cunha poboación de 4395 habitantes segundo o Instituto Nacional de Estatística.

O Centro ubícase na rúa Pedra Seixa, na franxa que separa a Parroquia de Navia da Parroquia de Alcabre.

Neste curso 2012-13 contamos, cun total de 214 alumn@s matriculados.

Gran parte do noso alumnado ten o castelán como lingua materna.

A situación do idioma galego no entorno segue a ser claramente diglósica.

Se ben é certo que o noso alumnado está en contacto cotiá coa lingua galega de diferentes xeitos, as familias educan aos nen@s maioritariamente en castelán independentemente de que os ascendentes sexan galego-falantes.

Ademais empezamos a contar con alumnado inmigrante, procedente de varios países e doutras comunidades españolas que coñecen e se expresan máis en castelán que en galego.

Isto fai que sigamos considerando que a porcentaxe de alumnado do noso centro, que utiliza o galego como lingua vehicular sexa pouco elevada.

A baixa tendencia observada no alumnado de usar o galego na súa expresión oral e escrita de xeito espontáneo, fainos reflexionar na necesidade de seguir potenciando o uso da lingua galega na maioría das actividades do noso centro para reforzar as horas propias de docencia nesta lingua e poder acadar a competencia comunicativa desexada, equiparada á da lingua castelá ao final das respectivas etapas, como especifica o Decreto.

### 3.2. SITUACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado que forma o claustro está na súa maior parte en situación de funcionario con destino definitivo no centro. Aínda que o profesorado amosa competencia nas dúas linguas oficias, a maioría emprega o castelán para comunicarse. O emprego por parte de todo o claustro das linguas durante o proceso de ensino-aprendizaxe está determinado no Proxecto Lingüístico de Centro.

Todo o profesorado, sen ningún tipo de excepción, sempre está implicado nos proxectos de fomento do uso do galego e nas

actividades a realizar ao longo do curso escolar, e os seus traballos, participacións nas actividades, ideas, esforzos, achegas ... non deixan nunca de ser valorados positivamente.

### 3.3. SITUACIÓN DO ALUMNADO

A maioría do alumnado do noso centro ten coma **lingua materna** o castelán, a cal é a habitualmente utilizada no seu ámbito familiar, con algunhas excepcións (familia galego falante/ neno castelán falante debido á influencia ambiental).

Actualmente o alumnado do centro amosa unha menor competencia escrita e oral da lingua galega se a comparamos co castelán.

Loxicamente se hai unha falta de carencia na utilización da lingua galega no ámbito familiar isto queda reflectido por parte do alumnado dentro do ámbito educativo, aínda que por parte dos nenos e nenas hai boa disposición de participar nas distintas actividades que fomentan o uso do galego.

### 3.4. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Referímonos a presenza que ten a lingua galega na vida do centro, fora da que teña nas actividades docentes. Podemos afirmar que existe:

- A presenza da lingua galega na documentación administrativa, nas notas informativas dos taboleiros, na decoración e letreiros do centro.
- Emprego da lingua galega nas comunicacións escritas coas familias e con outras institucións (concello, outros colexios,...).
- Un aumento na dotación de fondos en galego na biblioteca (libros, revistas, DVD,..).

Hai que destacar que a elaboración da revista escolar e a campaña de animación á lectura en galego son realizadas de xeito plurianual e hai unha importante continuidade, así como a colaboración das familias na celebración das festas tradicionais galegas: Magosto, Entroido e Letras Galegas.

Tras esta análise dos distintos índices, e tendo en conta que a situación do alumnado e do profesorado ten un peso máis importante no indicador sociolingüístico global, consideramos **ao noso centro coma un contorno con predominio do castelán.**

Destaca unha predominancia do uso da lingua castelá en detrimento do idioma galego, tanto a nivel oral coma escrito, influenciados pola transmisión que reciben no seu ámbito familiar maioritariamente en castelán, a excepción dunha pequena minoría que ten coma lingua materna o galego. Existe polo tanto unha situación social de desigualdade entre os dous idiomas, **por iso a importancia do traballo do Equipo de Dinamización Lingüística para conseguir equiparar o nivel de competencia nos dous idiomas, un traballo que se deberá continuar ao longo dos seguintes anos para lograr dito obxectivo.**

#### **4. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR**

As medidas que adoptamos a nivel curricular, para o desenvolvemento do Proxecto Lingüístico, están baseadas no **Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo** no ensino non universitario de Galicia.

##### **4.1. EN EDUCACIÓN INFANTIL**

No artigo 5 do Decreto establécese que:

- Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.
- A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.



- Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna.
- Cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.


Consultadas as familias a principios do curso 2012-13, obtense os seguintes resultados

#### **4.1.1. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO**

1. Enquisa sobre a

##### LINGUA MATERNA PREDOMINANTE ENTRE O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

O resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado de Educación Infantil, ofreceu os seguintes resultados: Dos 25 alumnos/as que se incorporan ao centro, 19 manifestan que a súa lingua materna é o castelán, 5 que a súa lingua materna é o galego, 1 manifesta que é bilingüe.



que a lingua materna predominante no noso entorno é o galego, pero cunha diferenza mínima (galego 51% e castelán 49% das enquisas). A maioría dos pais/nais, contestan a enquisa en función de cal queren que sexa a lingua de ensino para os seus fill@s.

De acordo co decreto do plurilingüismo, o profesorado usará na aula a lingua galega e procurará que o alumnado adquiera de forma oral e escrita, o coñecemento da lingua castelá dentro dos límites da etapa ou ciclo, procurando manter unha atención individualizada ao alumnado segundo a súa lingua materna. No noso caso como a diferenza entre as dúas linguas é mínima, é de feito noutras enquisas os propios pais/nais establecen que a lingua materna é o castelán, tómase a decisión de realizar o ensino:

- En Lingua Galega, para o método globalizado que seguen nas diferentes aulas.
- En Lingua Castelá, para a iniciación na lectoescritura e na lóxica matemática.
- A lingua estranxeira inglés, ofrécese ao alumnado de E. I. en sesións dunha hora semanal, desde os 3 anos, seguindo o Plan de Anticipación posto en marcha hai xa varios anos no noso centro.

## 4.2. EN EDUCACIÓN PRIMARIA

No artigo 6 do Decreto establécese que:

- Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.
- Impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas.
- Cada centro educativo decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

O noso Centro garantira que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais:

### 4.2.1. DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS.

#### 1º CICLO

#### 1º CURSO:

| <b>EN LINGUA<br/>GALEGA</b> | <b>EN LINGUA<br/>CASTELÁ</b> | <b>EN INGLÉS</b> |
|-----------------------------|------------------------------|------------------|
| 4h LG                       | 4h LC                        | 2h LE            |
| 5h CM                       | 5h MAT                       |                  |
| 2h EA                       | 2h EF                        |                  |
|                             | 1h REL/AE                    |                  |

**2º CURSO**

| <b>EN LINGUA<br/>GALEGA</b> | <b>EN LINGUA<br/>CASTELÁ</b> | <b>EN INGLÉS</b> |
|-----------------------------|------------------------------|------------------|
| 4h LG                       | 4h LC                        | 2h LE            |
| 4h CM                       | 5h MAT                       |                  |
| 2h EA                       | 2h EF                        |                  |
|                             | 2h REL/AE                    |                  |

**2º CICLO****1º CURSO**

| <b>EN LINGUA<br/>GALEGA</b> | <b>EN LINGUA<br/>CASTELÁ</b> | <b>EN INGLÉS</b> |
|-----------------------------|------------------------------|------------------|
| 4h LG                       | 4h LC                        | 3h LE            |
| 5h CM                       | 4h MAT                       |                  |
| 2h EA                       | 2h EF                        |                  |
|                             | 1h REL/AE                    |                  |

**2º CURSO**

| <b>EN LINGUA<br/>GALEGA</b> | <b>EN LINGUA<br/>CASTELÁ</b> | <b>EN INGLÉS</b> |
|-----------------------------|------------------------------|------------------|
| 4h LG                       | 4h LC                        | 3h LE            |
| 4h CM                       | 4h MAT                       |                  |
| 2h EA                       | 2h EF                        |                  |
|                             | 1h REL/AE                    |                  |

**3º CICLO****1º CURSO**

| <b>EN LINGUA<br/>GALEGA</b> | <b>EN LINGUA<br/>CASTELÁ</b> | <b>EN INGLÉS</b> |
|-----------------------------|------------------------------|------------------|
| 4h LG                       | 4h LC                        | 3h LE            |
| 5h CM                       | 4h MAT                       |                  |
| 2h EA                       | 2h EF                        |                  |
|                             | 1h REL/AE                    |                  |

**2º CURSO**

| <b>EN LINGUA<br/>GALEGA</b> | <b>EN LINGUA<br/>CASTELÁ</b> | <b>EN INGLÉS</b> |
|-----------------------------|------------------------------|------------------|
| 3h LG                       | 3h LC                        | 3h LE            |
| 4h CM                       | 4h MAT                       |                  |
| 2h EA                       | 2h EF                        |                  |
|                             | 2h REL/AE                    |                  |
|                             | 1h Ed.Cid                    |                  |

***5. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO  
USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO***

---

Os alumn@s que o precisen recibirán as oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo, co fin de alcanzar o obxectivo xeral establecido na Lei de normalización Lingüística e na LOE, no que afecta ao fomento do plurilingüismo.

- Fomentárase o uso oral e escrito das diferentes linguas que se imparten no centro.
- Intentárase equiparar o material bibliográfico, fonográfico, multimedia...nas diferentes linguas : castelán , galego e inglés.
- Proporcionaráselles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades, actos e institucións culturais relacionadas co seu contorno lingüístico e animaráselles a participar nelas.
- Animárase aos membros de toda a comunidade educativa a empregar o galego nas distintas actividades escolares que se desenvolvan durante o curso: celebracións, festivais... por ser a lingua oficial máis desfavorecida no noso contorno.
- Traballaranse distintos aspectos da cultura tradicional e recopiarase información no entorno familiar e cultural, valorizando o respecto do noso patrimonio material e inmaterial.
- Participárase en actividades complementarias que xurdan durante o curso a prol das dúas linguas oficiais, así como na lingua estranxeira inglés.
- Reforzarase a lectoescritura nas diversas linguas superando as eivas de materiais editados en galego ( revistas, libros, cómics).
- Farase un mellor uso das TIC como apoio e reforzo das diferentes áreas e potenciarase o uso das dúas linguas oficiais, así como o Inglés utilizando programas didácticos axeitados.
- Realizaranse actividades de animación á lectura.

## ***6. MEDIDAS ADOPTADAS PARA ALUMNADO INMIGRANTE***

---

Na actualidade no noso centro temos alumnado inmigrante procedente doutros países, que coñecen en maior ou menor grao o castelán.

Ao carecer o Centro dun programa específico de inmersión lingüística, o alumnado inmigrante intégrase nas aulas correspondentes, á espera de ser avaliado o seu grao de coñecemento dalgunha das linguas oficiais.

- Determinación pola orientadora do centro, da necesidade de recibir unha atención específica por parte das especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, ou no seu caso unha adaptación da programación para o logro paulatino das competencias lingüísticas nas linguas oficiais.
- Apoio individualizado na aula coa titora, utilizando no inicio da súa escolarización preferentemente unha das linguas cooficiais onde se sinta con máis soltura o alumn@ e progresivamente introduciilo no uso das demais linguas do currículo .
- Fomentar a súa integración e interacción co grupo-clase.
- No caso de que nun momento dado se incorpore un alumn@ con descoñecemento total das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, adoptaránse as seguintes medidas:
  - ✚ Creación dunha aula de integración lingüística ou aula de acollida na que recibirían unha atención específica por parte de profesorado de Audición e Linguaxe que será , simultáneo á escolarización nos grupos ordinarios conforme o nivel e a evolución da súa aprendizaxe.
  - ✚ Tamén poderíamos crear un grupo de adquisición de linguas, onde a través dunha atención individualizada, se impulse unha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado. O tempo máximo que poderían formar parte deste grupo, sería un trimestre.

## **7. COMPETENCIAS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

---

- Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de dinamización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
- Propoñer á Comisión de Coordinación pedagóxica, para a inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos: Medidas para potenciar o uso do galego nas actividades do centro e proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Propoñerlle á Comisión de Coordinación pedagóxica o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, folclore, etc, ... no ensino.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de educación e ordenación Universitaria prevexa na súa normativa específica. Atendendo ás competencias do equipo de Dinamización Lingüística e de acordo co artigo 14 do Decreto 79/2010 establécense unha serie de obxectivos xerais e as liñas de actuación.

## **8. OBXECTIVOS XERAIS**

---

Os obxectivos por tanto que guiarán o noso Proxecto Lingüístico serán:

- Que o noso alumnado acade a competencia lingüística propia do seu nivel nas dúas linguas oficiais.
- Que valorice a cultura do seu entorno e aprenda a usar o galego como lingua de comunicación normal.



- Que toda a comunidade educativa participe na normalización do uso da lingua galega para acadar un bilingüismo harmónico pleno.
- Establecer unha serie de actividades co obxectivo de contribuír a lle dar vitalidade e prestixio social á lingua máis desfavorecida, no noso entorno.

Estes obxectivos xerais concrétnanse no Plan de Dinamización Lingüística, nos seguintes **obxectivos máis específicos**, que están redactados en base os distintos compoñentes da nosa comunidade educativa (alumn@s, profesores/as, centro e contorno). Todos os obxectivos teñen unha dobre finalidade, actuar a curto prazo pero tamén sentar unas bases que os permita establecerse a longo prazo.

Os obxectivos plantexados son os seguintes:

#### 8.1.- ALUMNADO

- Conseguir que o alumnado desbote falsos prexuízos sobre a lingua e sexa consciente de que o seu idioma é un sinal de identidade.
- Concienciar o alumnado do uso da lingua da comunidade (galego) como medio de expresión e comunicación indispensable en calquera situación/ámbito.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe , que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a efectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central a oralidade.
- Fomentar o uso do galego desde a etapa de educación infantil, de xeito que se superen as carencias que se observan nos primeiros cursos do ensino; valoración polo uso da lingua galega tanto no entorno escolar como fora del.
- Descubrir a lectura e a escritura como ferramentas comunicativas.
- Buscar o seu propio potencial imaxinativo.

- Promover a transmisión familiar da lingua.
- Profundizar no coñecemento dos nosos costumes.
- Avanzar no coñecemento da nosa cultura.
- Fomentar tamén o uso do galego fora da comunidade educativa.
- Crear no alumnado un interese xeneralizado de visitar con frecuencia a biblioteca.

## 8.2.- PROFESORADO

- Fomentar o emprego das Tics entre o profesorado e o grupo de alumn@s como elemento prioritario na propia actividade do centro.
- Favorecer o traballo cooperativo co entorno familiar do alumnado e con toda a comunidade educativa.
- Traballar cunha liña interdisciplinar.
- Fomentar o uso do galego entre todos os membros da comunidade educativa coas actividades formativas a desenvolver neste proxecto.
- Artellar idioma, natureza e tecnoloxía no desenvolvemento do proxecto.
- Fomentar a cohesión grupal e a participación de todo o profesorado para levar adiante o proxecto.

## 8.3.- CENTRO.

A presenza do galego na vida do centro está presente no rotulado do centro, documentación administrativa, comunicación coas familias,...

Os obxectivos son:

- Seguir potenciando o uso da lingua galega por parte da comunidade escolar.
- Implicar de maneira activa os membros da comunidade educativa.

## 9. LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Implicar a toda a comunidade educativa na normalización do galego.
- Procurar a comunicación oral e escrita en galego cos interlocutores da nosa comunidade.
- Celebración das festas tradicionais: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas e outras actividades que contribúan á revalorización da nosa cultura, proporcionando recursos ao profesorado.
- Manter a docencia en galego nas áreas de Lingua e literatura galega, Coñecemento do Medio social e nas outras áreas acordadas.
- Propiciar hábitos de lectura na biblioteca de aula e de centro.
- Colaborar coas diferentes coordinacións e equipos do centro: Equipo de AACCEE, Convivencia, Plan lector, Biblioteca, TICs.

## 10. ACTIVIDADES PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Desde hai anos o equipo de Dinamización da Lingua galega, así como tamén o da Biblioteca e o de Actividades Complementarias propoñen actividades dinamizadoras da lingua ao longo do curso escolar que forman parte do proxecto anual do curso escolar vixente formando parte dunha liña de traballo interdisciplinar.

Conxuntamente ao proxecto anual recóllense tamén as actividades propostas enmarcadas dentro de conmemoracións ou celebracións que teñen lugar ao longo do curso escolar.

10.1. Actividades para fomentar a Competencia Lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia e co paso do tempo intentar acadar o 33% que marca o decreto 79/2010 do 20 de maio.

### Emprego da lingua galega en:

- Todos os **documentos** administrativos e pedagóxicos do centro.
- A **correspondencia e avisos** dirixidos ás familias do alumnado, ou calquera institución.
- **Carteis, letreiros, avisos** ,... que se coloquen no colexio.
- **Festivais e actos** conmemorativos realizados no centro.
- **Celebración das festas populares:**
  - ✚ **Samáin (Halloween)** ( derradeira semana de outubro):  
**Utilización de unidades didácticas en galego e inglés**, a través do cal o alumnado investigará sobre as orixes, lendas celtas e vocabulario relacionado con esta festa.  
Tamén se fará unha **exposición** de cabazos.
  - ✚ **Magosto** ( 2º Semana de novembro):  
**Utilización de unidades didácticas**, onde homenaxearemos á castaña e ó castiñeiro, durante a semana da Festividade do San Martiño (11 de novembro).  
Realización de **murais** dende os distintos ciclos ou niveis.  
Celebración do magosto, con castañas asadas.
  - ✚ **Nadal** (3º/4º semana de decembro): traballo de panxoliñas. Realización de **Murais** diversos festexando esta celebración.  
Tamén se informará ás familias de posibles **libros de lectura** nas distintas linguas para agasallar nestas datas.

✚ **A Paz** ( derradeira semana de xaneiro): Convivium de xogos cooperativos con outro colexio público.

**Utilización de unidades didácticas** durante a semana da Paz defendendo os valores da solidariedade, a paz, tolerancia,...

**Elaboración de murais** por parte do alumnado alusivos á festa, baixo a supervisión dos titores/as, para un maior coñecemento da mesma.

**Calquera outra actividade** que xurda nas reunións de ciclo ou na reunión do equipo de Convivencia para a conmemoración desta data.

✚ **Entroido** (segundo coincida a finais de febreiro ou principio de marzo): **Elaboración do Meco** (boneco tradicional galego nesta festa, que cada día irá dando ordes acerca dos obxectos que teremos que traer ao centro) .

**Elaboración de murais e caretas** por parte do alumnado alusivos á festa, baixo a supervisión dos titores/as, para un maior coñecemento da mesma.

**Desfile de disfraces**, para o que se pedirá a colaboración das familias.

✚ **Conmemoración do día das Letras Galegas** (3º/4ºSemana de maio): Facilitaráselle aos distintos cursos unha **unidade didáctica** sobre o autor/a a quen se lle adique o Día das Letras Galegas.

Realización de **actividades** de investigación, lectura comprensiva, e un longo etc., relacionadas co autor.

## 10.2. Convivencias con outros centros educativos do noso entorno e visitas a institucións.

Realízanse **saídas e excursións** por niveis ou ciclos. Algúns a un entorno próximos e outros dentro da Comunidade Autónoma, para coñecer lugares de interese ou como complemento ao currículo de aula.

### **Convivencias con outros centros do entorno.**

Participamos no **Convivium Xuntos pola Paz**, realizando convivencia con outro centro educativos da zona, participando en diferentes xogos cooperativos.

### **Visitas ás exposicións, obras de teatro, contacontos e outras actividades promovidas ben polo Concello ben por outras Entidade.**

Sempre que as consideremos de interese lingüístico para o alumnado.

## 10.3. Actividades en soporte informático para mellorar a competencia lingüística da comunidade educativa.

### **Realización dun folleto informativo**

Destinado ás familias, que se lle proporciona a comezos de curso, e no que se recolle: correo electrónico, dirección da web, horario do centro, normas xerais, a estrutura orgánica (Equipo Directivo, coordinadores/as de ciclo, titores/as e especialistas), e a organización do centro (calendario escolar, días non lectivos e horario de atención ao público).

### **Mantemento e actualización da páxina web**

A nosa páxina do centro (<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipalfonsorodriguezcastelao/>) tentando pouco a pouco que teña toda a información actualizada.

### **Mantemento e actualización dos distintos blogs** do centro.

Neste momento contamos con varios blogues activos: un en infantil, outro no primeiro ciclo de educación primaria, o da biblioteca, o do EDNL, outro do Departamento de Orientación, un do Equipo TIC e outro específico que recolle recursos en galego.

**Dotar a aula de informática** de recursos educativos nas distintas linguas.

10.4. Dinamización da lectura, sexa con libros, publicacións periódicas, contos, poesía, teatro ou narrativa.

#### **Plan de animación á lectura bilingue (castelán-galego)**

Cada titor/a traballará co seu alumnado libros tanto en galego como en castelán, co fin de enriquecer o seu vocabulario, tanto de forma oral como escrita.

**Visita de contacontos** que serán a lección dos nen@s, introducindoos no mundo dos contos, a fantasía e o misterio.

**A "Hora de ler"**: De luns a venres adícanse nas aulas 20 minutos á lectura nas dúas linguas oficiais: Galego e Castelán.

**A mochila viaxeira.** Ao longo do curso todos os alumn@s, tanto de Educación Infantil como de Educación Primaria, dispoñerán dunha mochila para levar a casa con material seleccionado pola Comisión de Biblioteca.

### ***11. COMISIÓN DE PROFESORADO PARTICIPANTE NA REDACCIÓN DESTE PROXECTO***

---

Revisado e actualizado durante o curso 2012-13